



life fluvial
MELLORA E XESTIÓN SOSTIBLE DE CORREDORES FLUVIAIS DA REGIÓN ATLÁNTICA IBÉRICA
LIFE16 NAT/ES/000771



ZEC- Parga - Ladra - Támoga

ES1120003


Life Fluvial

O obxectivo xeral é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica. Neste ámbito, factores de ameaza como especies invasoras, intensificación de usos ou problemas fitosanitarios, causan o deterioro e a fragmentación dos hábitats dos corredores fluviais

ZEC Parga - Ladra - Támoga



A rede de corredores fluviais que conforman o LIC Parga-Ladra-Támoga actúa como nexo de unión entre un amplo conxunto de humidais, actuando como vía de fluxo de especies e intercambio xenético. Na Reserva de Biosfera de Terras do Miño atopamos todo un amplo conxunto de humidais tanto higrófilos como lacunares, que representan unha gran diversidade de medios acuáticos definidos en función do seu tamaño, a fonte de alimentación ou as características das súas augas



Papuxa montesa
(*Sylvia undata*)

Os corredores e lagoas están rodeados de bosques aluviais (91E0*), acompañados de herbais higrófilos, carballeiras e eagsistemas tradicionais de elevado valor para conservación da biodiversidade, actuando como puntos de enlace para o intercambio xenético e a distribución xeográfica das especies de flora e fauna silvestres

A ZEC alberga unha gran diversidade específica de interese para a conservación, contando cun numeroso grupo de flora ligada aos humidais e ecosistemas higrófilos asociados aos mesmos, entre as que se inclúen poboacións da especie prioritaria *Eryngium viviparum*, así como un importante conxunto de especies de flora e fauna de interese para a conservación



Cardíño da lagoa
(*Eryngium viviparum*)



Freixo
(*Fraxinus excelsior*)



Phytophthora spp., é un fungo parasito que causa a morte dos Ameneiros, afectando ao estado de conservación dos bosques aluviais (91E0*), podéndose observar unha gran cantidade de exemplares mortos ou afectados ao longo da cunca alta do Miño

A perda de usos tradicionais de baixa intensidade, compatibles coa conservación da biodiversidade, foi acelerándose dende mediados do século XIX, causando a intensificación dos usos e unha perda de biodiversidade. Este fenómeno causa a perda de superficies de hábitats naturais, afección sobre a súa estrutura, composición e funcionalidade, así como fragmentación e perda de conectividade entre hábitats e núcleos de poboación de flora e fauna silvestre



Galiña de río
(*Gallinula chloropus*)




Crista de galo
(*Serapias lingua*)



As especies exóticas invasoras constitúen unha grave ameaza para o estado de conservación favorable do bosque aluvial (hábitat 91E0*), posto que desprazan ás especies características dos mesmos, alterando a súa composición específica e estrutura, e en consecuencia a súa funcionalidade

As repoboacións forestais son unha das causas de maior perda de paisaxe tradicional, posto que reemprazan a comunidades boscosas naturais cun elevado valor de biodiversidade, por formacións monoespecíficas nas que practicamente non existen especies no seu sotobosque



Bacahis
(*Cyanistes caeruleus*)



Vacaloura
(*Lucanus cervus*)

Carballo
(*Quercus robur*)



A intensificación dos usos agrícolas nas marxes fluviais causa unha afección negativa sobre o estado de conservación dos bosques aluviais, diminuindo a súa superficie para transformalo en praderías, aumentando a fragmentación, ou establecendo cargas gandeiras excesivas que afectan á composición e estrutura do hábitat, impedindo a rexeneración natural do bosque

O obxectivo xeral do proxecto LIFE Fluvial é a mellora do estado de conservación de corredores fluviais atlánticos na Rede Natura 2000. Para este propósito, o proxecto desenvolve unha estratexia transnacional para a xestión sostible dos seus hábitats en varias cuncas fluviais atlánticas da Península Ibérica
LIFE Fluvial is a project co-financed by the European Commission within the framework of the LIFE call and runs between 2017-2021



www.life fluvial.eu
info@life fluvial.eu